

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CEIP ALVAREZ LIMESES  
CURSO: 3º DE PRIMARIA  
MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL  
DATA: 12 MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
EM-B1.1	3º-EMB1.1.1 - Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	CCL CCEC
	3º-EMB1.1.2 - Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	CCL CCEC
	3º-EMB1.1.3 - Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	CSC
EM-B1.2	3º-EMB1.2.1 - Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	CCEC CMC CT
EM-B1.3	3º-EMB1.3.1 - Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	CCEC CAA
	3º-EMB1.3.2 - Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	CCEC CAA
EM-B1.4	3º-EMB1.4.1 - Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.	CCEC CAA
	3º-EMB1.4.3 - Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	CCEC CAA CCL
EM-B2.1	3º-EMB2.1.1 - Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.	CCEC CAA
	3º-EMB2.1.3 - Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.	CCEC CSC

	3º-EMB2.1.4 - Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar	CAA
EM-B2.2	3º-EMB2.2.2 - Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC
EM-B2.3	3º-EMB2.3.2 - Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	CCEC CAA
EM-B3.1	3º-EMB3.1.1 - Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	CCEC CAA
EM-B3.2	3º-EMB3.2.1 - Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	CCEC CSC
EM-B3.2	3º-EMB3.2.2 - Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	CCEC CSC

<b>Mínimos exigibles da 1ª e 2ª avaliación</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
EM-B1.1 -Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	3º-EMB1.1.3 - Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
EM-B1.3 -Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as componen.	3º-EMB1.3.1 - Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.
	3º-EMB1.3.2 - Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
EM-B1.4-Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	3º-EMB1.4.3 - Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.
EM-B2.1 -Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	3º-EMB2.1.1 - Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.
	3º-EMB2.1.3 - Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.
EM-B3.2-Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	3º-EMB3.2.1 - Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

<b>2.Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedementos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de TIC durante o confinamento para comunicación e intercambio de tarefas e actividades.</li> <li>- Comprobación e corrección da entrega das tarefas propostas ao alumnado.</li> <li>- Análise das actividades e dos traballos realizados.</li> <li>- Observación nas reunións virtuais (cando sexa posible)..</li> </ul> <p><u>Instrumentos:</u></p> <p>Alumnado: Actividades e/ou traballos realizados.  Profesorado: Rexistro do traballo do alumnado en carpeta dixital e/ou caderno da mestra.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b><u>3ª Avaliación</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Adaptación da programación para o 3º trimestre.</li> <li>- Cualificación da 3ª avaliación.- Media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación.</li> </ul> <p>A partir disto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-<u>Alumnado coa media suspensa:</u> <b>Poderá <u>optar</u></b> ao aprobado na área presentando as tarefas proposta polo profesorado.</li> <li>-<u>Alumnado coa media aprobada:</u> <b>Poderá <u>optar</u></b> a mellorar a cualificación presentando as tarefas propostas polo profesorado.</li> </ul> <p><b><u>Avaliación final</u></b></p> <p style="text-align: center;">Será a media das tres avaliacións</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><u>Criterios de avaliación:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.</li> <li>-Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as componen.</li> <li>-Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.</li> <li>-Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.</li> <li>- Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.</li> </ul> <p><u>Criterios de cualificación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Teranse en conta os resultados da 1ª e da 2ª avaliación.</li> <li>- Valorarase a realización das actividades de recuperación, reforzo e repaso realizadas no 3º trimestre de cara a unha cualificación positiva.</li> </ul>

	<p>- De non acadar unha cualificación positiva coas actividades de recuperación propostas, poderáselle realizar unha proba obxectiva en reunión virtual ou presencial (se fose posible).</p>
	<p><u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u></p> <p>Procedemento:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprobación e corrección da entrega de actividades propostas ao alumnado.</li> <li>- Análise de producións e traballos.</li> <li>- Observación nas reunións virtuais (cando sexa posible).</li> <li>- Uso de TIC (sempre que sexa posible).</li> </ul> <p>Instrumentos:</p> <p>Alumnado: Actividades e traballos realizados</p> <p>Profesorado: Rexistro do traballo do alumnado en carpeta dixital e/ou caderno da mestra.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades online de autocorrección para repaso, recuperación, reforzo e ampliación (se cómpre).</li> <li>- Actividades de repaso, reforzo e ampliación (cando cumpra) con libros de texto e fichas</li> <li>- Actividades de recuperación relacionadas cos contidos traballados no 1º e 2º trimestres, como poden ser: Linguaxe musical, as figuras, a duración, as voces, variacións musicais, melodías de fruta, exercicios melódicos e rítmicos.</li> <li>- Gravación de videos.</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das familias.</p> <p>As videoconferencias non son unha opción para a docencia, pero si unha posibilidade de comunicación e contacto coas nenas e cos nenos.</p> <p>As propostas de tarefas faranse a través da páxina web do centro apartado de Música, empregando tamén outros medios cando este non é posible (correo electrónico e teléfono).</p> <p>Tentarase desenvolver no alumnado as estratexias de planificación, correcta realización e revisión/autocorrección.</p> <p><u>Con conectividade:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.</li> <li>- Desenvolvemento de actividades interactivas utilizando as TIC como recurso de aprendizaxe.</li> <li>- Tarefas propostas ao redor dos contidos traballados, utilizando materiais como libros de texto e fichas.</li> </ul> <p><u>Sen conectividade:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.</li> <li>- Tarefas propostas ao redor dos contidos traballados para realizar no caderno ou en folios (utilizando materiais como libros de texto e fichas).</li> </ul>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Libros de texto</li> <li>- Fichas de reforzo e ampliación</li> <li>- Recursos TIC: páxina web do centro, correo electrónico, reunións virtuais e Abalar.</li> <li>- Teléfono en casos necesarios</li> </ul>



## 1. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Remitirase información sobre esta adaptación das programacións do 3º trimestre ás familias a través Abalar dende o centro indicando onde poden consultalas. Na información que se lle remita ás familias haberá que indicar que “a programación adaptada deste 3º trimestre está a ser supervisada polo Servizo de Inspección e se esta indica cambios, trasladarásere de novo
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.